

PLENARIO DE EN MAREA

13 DE XULLO DE 2019

Emendante/s:

Paula V. Verao, M^a Consuelo Martínez, Ramón L. Verdini, Mario López, Ramón Mouriño

Documento que se emenda: (Marcar cun *)

- () Tese política: Apuntes para o futuro político dende a marea
- () Documento organizativo: Afondar nos acordos de Vigo
- (*) Regulamento para o Plenario das Mareas
- () Regulamento para a elección do Consello das Mareas

Páxina/s: 1 **Liña/s:** 2

Tipo de emenda emenda: (Marcar cun *)

- () Eliminación
- () Substitución
- (*) Engádega

Texto da emenda:

Artigo Previo: ORDE DO DIA

A orde do dia do Plenario incluírá como primeiros puntos:

- 1. Debate e aprobación do Regulamento do Plenario.**
- 2. Debate e posta en común sobre o resumo do mesmo nas comarcas.**
- 3. Carácter do Plenario.** Neste contemplárase debate sobre o carácter do Plenario dando cabida a emendas como a que se presenta de temporalizar o proceso de reformulación de EM e limitar esta primeira fase aos consensos que se propoñen.

ACORDOS DE URXENCIA E CONSENSO PARA COMEZAR A TRABALLAR

1

Sendo evidente que temos visións un tanto diferentes do que facer é polo que, para manter a cohesión e agrupar esforzos, debemos reafirmármonos naquelo que temos en común, ese acervo que temos adquirido na experiencia destes anos de traballo e de defensa da nosa marca de EM colectivamente:

CONSENSO 1

Consideremos válido o modelo definido en Vigo de Marea galega soberana, de adscrición individual e radicalmente democrática. Ese partido nacional galego que acolla nacionalistas e non nacionalistas, persoas que consideramos que Galicia é o noso ámbito de acción cidadán, de exercicio da súa soberanía.

2

Sempre conforme ao acordado en Vigo na fundacional que establecía que:

“Os niveis de decisión político serán o local e o nacional” .../... “O nivel local estará formado polas persoas adheridas a En Marea a nivel do concello. O espazo local terá plena autonomía de actuación sen que sexa posíbel ningún tipo de inxerencia comarcal, supracomarcal ou nacional na súa xestión. As candidaturas municipalistas poderán manter a súa autonomía ao marxe deste nivel de organización local sempre que o decidan.”.../...

CONSENSO 2

Activar todo o potencial de traballo e expansión de EM, en ámbitos de decisión e traballo de base, polo que necesitamos imperiosamente organizar EM territorial, constituír EM local de todas as inscritas nos concellos nas que houber como paso previo para afianzar a expansión e preparar no futuro inmediato formulas de organización territorial máis complexas.

3

Ábrese unha fiestra para poder botar ao PP nas autonómicas cun goberno de esquerda nacionalista e non nacionalista no 2020. EM debe facer o posíbel para ter a meirande presenza e iniciar movementos para iso.

CONSENSO 3

Marcamos como obxectivo primordial para o ano que vén conseguir apartar o PP do Goberno da Xunta propiciando unha ampla maioría de todas as forzas de esquerda nacionalistas ou non, para conseguirmos un goberno que rexenere a democracia, a administración autonómica e defenda certamente os intereses de Galiza.

4

Para activar todo o traballo de inmediato consideramos que o Consello das Mareas actual está perfectamente lexitimado para iso. Para unha meirande eficacia e capacidade de traballo do Consello poderá reforzarse con persoas con voz e sen voto para encomendas específicas e temporalizadas. Ao tempo que se activará todo o previsto para grupos de traballo.

CONSENSO 4

Encomendamos ao Consello das Mareas implementar dende xa todos estes acordos coas medidas pertinentes para tomar decisión de máis calado con iniciativas orgánicas e/ou programáticas e calendario preelectoral para o mes de Outubro.

Explicación da emenda:

XUSTIFICACION

Nos recentes debates comarcais fomos moitas quen temos a percepción de que a crise que debemos afrontar non se trata só de algo coxuntural, senón da fin dun ciclo político galego, polo que require análises estratéxicas fondas.

A gravidade da situación e fondura da crise, así como a nosa pluralidade interna, require un debate demorado, evitando unha axenda rápida que propicie unha fuxida cara adiante. Propoñemos acordos de reafirmación de cousas comúns e xa decididas que só requiren implementación e que permiten a acción urxente sen precisar un Plenario sobre como vai definir EM no futuro, dado que haberá que facer concrecións de varios temas ao seu tempo sobre como se vai presentar ás eleccións ou mesmo a continuidade do nome.

A importancia e a urxencia do traballo demandado pola nosa situación, pero sobre todo para facer fronte ao reto principal e a fiestra de oportunidade política que teremos en Galiza en pouco máis dun ano, obríganos a facer un esforzo naquelas cousas básicas que nos permitan ser un instrumento eficaz ao servizo da maioría social galega.

O Consello na súa proposta de Plenario e teses para ser sometidas a emenda para ser tratadas no mesmo toma postura do lado daqueles que prefiren resolver cousas fondas agora. Quen defendemos un debate demorado, sexamos moitas ou poucas, queremos que a outra opción sobre o carácter do Plenario sexa de posíbel discusión no mesmo e é por iso que presentamos unha emenda/proposta da orde do día que o permita.

De aceptarse esta proposta a proposta do Consello como documentos base ficaría como aportes á continuación do debate demorado.

DITAME

PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLENARIO E DO CONSELLO DAS MAREAS:

A DEBATE